



## **INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO**

**Facultade de Formación do Profesorado  
Campus de Lugo**

# **Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza**

**Curso Académico: 2013-2014**

**Comisión Académica**  
23 de outubro de 2014

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	RUCT 4312425
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Formación do Profesorado
Centro onde se imparte o título	Facultade de Formación do Profesorado
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Non procede
Responsable do título	Eugenio Otero Urtaza
Correo electrónico do responsable do título	<a href="mailto:otero.urtaza@usc.es">otero.urtaza@usc.es</a>
Curso de implantación do título	2011-2012
Data última acreditación	30 de Xuño de 2010
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión Académica
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión Académica

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Número de créditos e duración do título	<a href="http://www.masterdaen.es/programa-de-estudios.html">http://www.masterdaen.es/programa-de-estudios.html</a> <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Formación do Profesorado <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html</a>
Coordinador/a e/ou responsable do título	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Formación do Profesorado <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html</a>
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es	Non procede

participante/s	
Tipo de ensinanza	Máster académico profesional <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	25+3 <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Idiomas en que se imparte o título	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a>
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Perfil de egreso	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/saidas.html">http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/saidas.html</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Normativa de permanencia	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Normativa_asistencia_clase.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Normativa_asistencia_clase.pdf</a>
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	<a href="https://www.usc.es/es/normativa/xestionacademica/">https://www.usc.es/es/normativa/xestionacademica/</a> <a href="https://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/normatransferrecreditostituEEES.pdf">https://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/normatransferrecreditostituEEES.pdf</a>
Memoria vixente do título	<a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoria_DAEN_memoria_modif.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoria_DAEN_memoria_modif.pdf</a>
Obxectivos do título	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais">http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Competencias xerais	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais">http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Competencias específicas	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais">http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC#cc_sociais</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Criterios de acceso e admisión	Os alumnos entran mediante o proceso xeral de selección da USC <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> (Oferta e admisión)
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/benvida.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/benvida.html</a> <a href="http://www.masterdaen.es/preguntas-frecuentes.html">http://www.masterdaen.es/preguntas-frecuentes.html</a> <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> <a href="http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/">http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/</a> <a href="http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/FAQ/mast.html">http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/FAQ/mast.html</a>
Plan de acción tutorial	-----
Perfil de ingreso recomendado	<a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoria_DAEN_memoria_modif.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoria_DAEN_memoria_modif.pdf</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	Non procede
Programas de mobilidade	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> (Outra información)

	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html</a> <a href="http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/">http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/</a>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe <sup>1</sup>	Non procede
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	Non procede
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	<a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoira_DAEN_memoria_modif.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_10_11/Alegacions_memoira_DAEN_memoria_modif.pdf</a> <a href="http://www.masterdaen.es/informacion.html">http://www.masterdaen.es/informacion.html</a>
Horarios	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> (Plan de estudos) <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/</a> (Plan de estudos)
Guías docentes/Programación docente <sup>2</sup>	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/guias_docentes/daen.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/guias_docentes/daen.html</a> <a href="http://www.masterdaen.es/">http://www.masterdaen.es/</a> <a href="http://www.masterdaen.es/mediapool/121/1214178/data/guia_PRACTICUM_MASTER_DAEN_1314.pdf">http://www.masterdaen.es/mediapool/121/1214178/data/guia_PRACTICUM_MASTER_DAEN_1314.pdf</a>
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> (Plan de estudos) <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/normativa.html</a> (regulamento TFM) <a href="http://www.masterdaen.es/">http://www.masterdaen.es/</a>
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	<a href="http://www.masterdaen.es/programa-de-estudios.html">http://www.masterdaen.es/programa-de-estudios.html</a>
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=true&amp;ano=64</a> (Información) <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/departamentos.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/departamentos.html</a> <a href="http://www.masterdaen.es/">http://www.masterdaen.es/</a>
Descrición	<a href="http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=206904&amp;i=gl&amp;s=-126-191-196-235&amp;v">http://imaisd.usc.es/grupoficha.asp?idpersoatipogrupo=206904&amp;i=gl&amp;s=-126-191-196-235&amp;v</a>

doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	
Aulas e seminarios	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</a>
Laboratorios	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</a>
Salas de informática	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</a>
Salas de estudo	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</a>
Biblioteca	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/">http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/</a> <a href="http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/formprof/">http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/formprof/</a>
Outros servizos dispoñibles	<a href="http://www.usc.es/es/servizos/eccourel/">http://www.usc.es/es/servizos/eccourel/</a>
Espazos para os representantes de estudantes	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/infraestructuras.html</a>
Taxa de graduación	
Taxa de abandono	
Taxa de eficiencia	
Taxa de rendemento	
Taxa de éxito	
Taxas de inserción laboral	
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	<a href="http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/">http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/</a> <a href="http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html">http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html</a>
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html</a> <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html</a>
Política e obxectivos de calidade	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html</a>
Manual e procedementos do SGC	<a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html</a> <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual_SGIC.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual_SGIC.pdf</a> <a href="http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual_de_Procesos.pdf">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual_de_Procesos.pdf</a>

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual\\_Simplificado\\_FFP.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Manual_Simplificado_FFP.pdf)

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Memoria\\_Calidade\\_Centro\\_2012\\_13.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/ffp/descargas/Memoria_Calidade_Centro_2012_13.pdf)

---

<sup>1</sup> **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

<sup>2</sup> **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 1. Descrición do título

Valorarase o criterio de “Descrición do título” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio<sup>3</sup>

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Este máster foi verificado polo Consello de Universidades (Resolución do 1 de xullo de 2010) e a súa implantación foi autorizada pola Xunta de Galicia no curso 2011-12 (Decreto 245/2011, do 15 de decembro; DOG do 3 de xaneiro de 2012). Ten carácter académico profesional e é o primeiro destas características que se establece en España. Constitúe así unha contribución xenuína a un campo de traballo e de formación de educadores que até agora non tivera unha canle dentro dos estudos universitarios do noso contexto.

De acordo coas directrices da Memoria de Verificación do Máster, este criterio fai referencia aos indicadores que permiten valorar a información dispoñible sobre o Máster. Esta información se atopa na páxina do título que mantén a USC

<http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=14244&codEstudio=11816&valor=9&orde=true&ano=63>, así como na páxina da Facultade de Formación do Profesorado <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/>

Ademais o máster conta con páxina web propia <http://www.masterdaen.es/>

Se conta tamén con bastantes referentes externos que confirman que o máster ten unha difusión ampla na sociedade. Sobre referentes externos no curso 2013-2014, pode consultarse:

[http://www.deputacionlugo.org/portal\\_localweb\\_ag/p\\_20\\_contenedor1.jsp?seccion=s\\_p\\_161\\_imagen\\_ampliada.jsp&contenido=19181&tipo=8&language=es&codMenu=83](http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_p_161_imagen_ampliada.jsp&contenido=19181&tipo=8&language=es&codMenu=83)

[http://www.afundacion.org/es/socialia/formacion/master\\_universitario\\_en\\_direccion\\_de\\_actividades\\_educativas\\_na\\_natureza](http://www.afundacion.org/es/socialia/formacion/master_universitario_en_direccion_de_actividades_educativas_na_natureza)

[http://www.masterdaen.es/mediapool/121/1214178/data/Triptico\\_2013\\_2014\\_3\\_.pdf](http://www.masterdaen.es/mediapool/121/1214178/data/Triptico_2013_2014_3_.pdf)

<http://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2014/03/13/musico-arturo-vaquero-ensinou-na-deputacion-crear-unha-paisaxe-sonora/00031394735912861450841.htm>

<http://xornalgalicia.com/index.php?name=News&file=article&sid=93745>

<http://www.presspeople.com/nota/iii-master-direccion-actividades-educativas-na>

[http://econenos.blogspot.com.es/2013\\_03\\_07\\_archive.html](http://econenos.blogspot.com.es/2013_03_07_archive.html)

<http://www.educaweb.com/curso/master-universitario-direccion-actividades-educativas-natureza-221214/>

Todos estes datos permiten concluír que o proceso de información e difusión do máster, foi moi amplo. O resultado de que nesta edición (2013-2014) non se cubrisen todas as prazas debeuse, como xa se explica na memoria de modificación, ao efecto de non terse efectuado en 2013 graduacións na Facultade de Formación do Profesorado polo paso de diplomatura a grao nas titulacións de mestre (a derradeira promoción de diplomados rematou en 2012, e a primeira promoción de graduados saíu en 2014).

No curso 2014-2015 este máster está en proceso de revisión por ter 15 estudantes de novo ingreso o curso 2013-2014, una situación que como explicamos foi excepcional.

Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é **Satisfactorio (A)**, tendo en conta esas circunstancias. A comisión académica considera que o nome do título é plenamente correcto e reponde plenamente aos requirimentos establecidos na Memoria de Verificación. É un máster académico profesional que especializa a educadores, tanto do ámbito formal como non formal, nun campo que cada vez ten máis demanda e que está a abrir novos nichos de traballo. O medio ambiente natural é un elemento central nunha sociedade en exceso urbanizada, e como teñen manifestado moitos pensadores contemporáneos, Higgins, Orr, Sobel ou Louv, temos actualmente unha necesidade básica de recuperar a natureza como eixe da actividade educativa, tanto na escola como fora dela. Ademais, nun contexto de forte crise é un factor que facilita o emprego e o desenvolvemento económico, fomentando o benestar social cunha poboación altamente educada, é unha universidade ten que implicarse na formación de profesionais que permitan ás persoas maiores niveis de calidade de vida.

#### **BOAS PRÁCTICAS<sup>4</sup>**

Houbo un proceso de publicidade amplo, con trípticos, carteis e notas de prensa. O tríptico no seu formato en papel ou dixital foi enviado a centros de todas as universidades españolas e outras institucións de formación regulada no ámbito da educación non formal, organizacións sociais e empresariais que puideran estar interesadas. Na páxina propia do máster se ofrece información en inglés e se mandou esta información a universidades de diversos países de Europa.

Durante o curso 2013-2014, o máster foi presentado en dos encontros internacionais do máximo nivel. En 2013, o coordinador do máster participou no *8th European Forest Pedagogics Congress Bilbao/Spain, 23rd to 25th October 2013*. “Forest pedagogy: For Whom? What methods? How to approach?” cunha comunicación na que se presentaba por primeira vez o título, ante dezaseis países europeos: <http://www.forestpedagogics.eu/index.php/annual-congress/2013-bilbao-spain>. En setembro de 2014 os profesores do máster Vicente Blanco e Salvador Cidrás se trasladaron a Islandia para participar na International conference in Iceland about Outdoor Education 3th - 7th of Sept. 2014. V. en [http://www.eoe-network.eu/fileadmin/PDFs/European\\_Conference\\_Announcement\\_2014-Iceland.pdf](http://www.eoe-network.eu/fileadmin/PDFs/European_Conference_Announcement_2014-Iceland.pdf) Leváronse dúas comunicacións coas que, por una parte, presentaron o máster a un conxunto de investigadores especializados de universidades europeas que teñen títulos similares, e por outra, nun segundo documento, se fai una reflexión sobre a adecuación da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo a esta titulación coas mencións, que precisamente empezaron a funcionar no curso 2013-2014 tanto no título de mestre/a de educación infantil “Educación visual e sonora” e por outra, no título de mestre/a de educación primaria “Educación Física”, e que houberan podido ser una cunca de candidatos para o actual curso 2014-2015. Sobre este acontecemento léase o Xornal da USC do 3 de setembro de 2014 co titular “Formación de Profesorado presenta e Islandia o máster DAEN no marco da Conferencia Internacional de Educación ao Aire Libre”: [http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014\\_09/noticia\\_0013.html](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014_09/noticia_0013.html)

Ademais na revista *Cuadernos de Pedagogía*, o coordinador do máster publicou o artigo “La capacidad educadora de un bosque”, 439 (2013) 68-70, no que se explican as metas do máster, a súa orixe e as actividades que está a desenvolver.

Estas accións responden á proposta de mellora AM19. *Mellorar a difusión do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza*, pero é necesario advertir que van moito máis lonxe ao presentar o máster en foros internacionais e revistas profesionais de moi ampla difusión. É un obxectivo logrado



<p>cumpridamente.</p> <p>Están cumpridas as accións de mellora solicitadas no Informe Provisional de Seguimento (2012-2013) da ACSUG, de data 11 de xuño de 2014 agás as que implican unha acción de mellora planificada a desenvolver no curso 2014-2015.</p>
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p>
<p><b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:</b></p>

<sup>3</sup> **Niveis de valoración:**

- \* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- \* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- \* **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- \* **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

<sup>4</sup> **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
2. Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>O máster desenvolve adecuadamente os obxectivos que se formulan na Memoria de Verificación e se reforza o seu interese académico, científico e profesional, en relación a evidencias que poñen de manifesto a súa utilidade social. A comisión académica do máster se ten posto en comunicación coas universidades de Cumbria (Inglaterra) e Marburg (Alemaña) que manteñen títulos semellantes a este máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza, establecéndose programas de intercambio Erasmus que serán activados no momento mesmo da recuperación do título. Este é un título de demanda crecente en moitos países de Europa, e como xa se manifestou na memoria de modificación presentada, varios profesores desta titulación fixéronse membros do European Institute for Outdoor Adventure</p>							

Education and Experiential Learning (EOE) con sede na Philipps Universität de Marburg.

Tiveron docencia no curso 2013-2014 neste título 22 profesores de 18 áreas de coñecemento diferentes, inscritos en 15 departamentos da USC, que se coordinaron para facer as actividades prácticas e desenvolveron a súa docencia axeitadamente, cumprindo coas tarefas encomendadas. A demanda do título, o interese científico e profesional que abre esta titulación e o impacto social que ten este ámbito de estudo, están moi relacionados coa potenciación da educación ao aire libre e o contacto coa natureza, e coa emerxencia de novos nichos potenciais de traballo, tanto no plano laboral como no campo da investigación científica, todos eles aínda pouco desenvolvidos en España. Neste senso, estase asistindo a nivel europeo a un crecente interese polo incremento do achegamento á natureza en diferentes niveis do ensino, tanto informal como formal, seguindo liñas argumentais como as expostas por Peter Higgins e colaboradores (Vid. Informe ao parlamento escocés de 2013 no que se defende esta proposta pedagóxica que está transformando en profundidade moitos dos hábitos de traballo do profesorado nalgúns países europeos propiciando un incremento da presenza dos escolares en contornas naturais

[http://www.scottish.parliament.uk/S4\\_EducationandCultureCommittee/Inquiries/Prof\\_Higgins\\_submission.pdf](http://www.scottish.parliament.uk/S4_EducationandCultureCommittee/Inquiries/Prof_Higgins_submission.pdf)).

No curso 2013-2014 non se cubriron as prazas ofertadas polas razóns comentadas no seu día tanto á Secretaría Xeral de Universidades, como ao Reitor da USC e reiteradas na memoria de modificación presentada o 23 de abril de 2014. No curso 2011-2012, remataron os seus estudos as derradeiras promocións das diplomaturas de mestre/a, mentres as primeiras promocións de grao remataron os seus estudos no curso 2013-2014. Nesta situación, e de xeito excepcional, a Facultade non tivo candidatos entre os seus egresados para iniciar estes estudos.

IN01M-PC-05	Prazas ofertadas	28	10/10/2014
IN02M-PC-05	Matrícula	27	10/10/2014
IN03M-PC-05	Matrícula de novo ingreso	15	10/10/2014
IN04M-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	15	10/10/2014
IN05M-PC-05	Variación da matrícula de inicio	-46,43	10/10/2014

A variación en negativo, débese á razón xa exposta que foi circunstancial e allea ao interese que ten este máster tanta desde o punto de vista profesional como da súa necesidade pública. Non é que o máster non teña demanda suficiente (a media é de 24 alumnos nestes tres anos), senón que o escenario concreto do curso 2013-2014 produciu unha ausencia provisoria de candidatos, e nese escenario a resposta foi bastante satisfactoria, aínda que non cumprira cos requisitos de número establecidos pola Xunta de Galicia, porque o título acadou estudantes en circunstancias moi adversas. Contando con todas estas dificultades e limitacións, os resultados finais son **Satisfactorios (A)** porque a diminución de alumnos neste curso produciuse por unha circunstancia allea ao propio máster, que internamente funcionou cos mesmos parámetros de calidade que nos cursos anteriores.

#### BOAS PRÁCTICAS

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Realización de novas consultas con asociacións e institucións interesadas no título e recoller información actualizada do seu interese.
- Realizar unha análise en profundidade do sistema de avaliación de obxectivos e competencias, explícita indicadores de logro e establecer procedementos de recollida de información dirixidos aos colectivos que poidan valorar a adquisición real das competencias do título, por exemplo, egresados e empregadores.
- Creación dunha Comisión Externa de Seguimento composta por profesores do máster, egresados e representantes do mundo empresarial ou asociativo con interese no título.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
3. Competencias							
Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>							
<p>Considérase que a valoración xeral do grao de cumprimento do criterio <i>Competencias/Obxectivos</i> é <b>Suficiente (B)</b>. Para xustificar dita valoración analízanse dous aspectos: accesibilidade á información sobre este criterio e grao de consecución de competencias/obxectivos.</p> <p>No primeiro caso ademais de ter os alumnos información na páxina oficial do título, <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=tr ue&amp;ano=63">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9&amp;orde=tr ue&amp;ano=63</a> tamén a teñen, neste aspecto concreto, na páxina propia do máster: <a href="http://www.masterdaen.es/">http://www.masterdaen.es/</a></p> <p>Os obxectivos e competencias están tamén desenvolto nos programas e guías docentes. Na xornada de acollida se lles explica a organización, funcionamento do máster e obxectivos que persigue.</p> <p>En comparación coa media xeral da USC a variación é chamativa na baixa taxa de graduación que se produciu neste curso que asemade tamén ten o seu efecto na duración dos estudos. É importante subliñar que as competencias acadadas, no seu conxunto, se amosan co Prácticum e o Traballo Fin de Máster. O Prácticum é un dos factores que amosou unha mellora claramente estimable como se explicita no apartado 5. O TFM presenta aspectos de máis complexidade xa que con frecuencia os estudantes defenden a súa</p>							

memoria en convocatorias posteriores ao curso no que desenvolveron o resto das materias.

No que fai referencia á relación entre resultados e obxectivos se poden acadar as seguintes conclusións conforme as evidencias documentais examinadas.

Código	Nome	Media	Valor	Data
IN34M-S01-PM-01	Taxa de rendemento	88,75	88,07	10/10/2014
IN35M-S01-PM-01	Taxa de éxito	99,21	100	10/10/2014
IN36M-S01-PM-01	Taxa de avaliación	89,50	88,07	10/10/2014
IN37M-S01-PM-01	Taxa de graduación	73,72	57,14	10/10/2014
IN38M-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,41	1,73	10/10/2014
IN39M-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	95,89	92,83	10/10/2014
IN41M-S01-PM-01	Taxa de abandono	14,07	25	10/10/2014

De 15 estudantes desta promoción da graduación 2013-2014, se graduaron 5 nese curso, e da promoción anterior se graduaron 6, máis outra da primeira promoción. Neste curso 2013-2014, graduáronse en total 12 alumnos, quedando 7 estudantes desta promoción pendentes da lectura do TFM para o curso 2014-2015, que con outros 6 da promoción 2012-2013, fai que no actual curso 2014-2015 estean matriculados no máster un total de 13 estudantes. Tendo estes datos en conta, a taxa de abandono (posiblemente provisorio) da terceira promoción é dun 13% (2 estudantes de 15).

A principal causa responsable da demora en acadar a graduación neste Máster é o retraso na entrega e defensa do TFM con relación á planificación académica teórica establecida no seu Plano de Estudos, que se establece para as correspondentes convocatorias de xuño, setembro e febreiro. Esta demora está relacionada coa elaboración coidadosa do Traballo Fin de Máster, o que en definitiva fornece unha mellor formación dos estudantes.

En referencia a como se acadan as competencias establecidas na titulación, débense distinguir tres niveis: materia, módulo, e etapa práctica co seu corolario do Traballo Fin de Máster. Na primeira parte os programas e guías docentes establecen os obxectivos da materia, a metodoloxía e traballo que ten que desenvolver o estudante para obter as habilidades, capacidades, usos e desenvolvemento dunha actividade practicable que implica o dominio dunha competencia. O coordinador/a de módulo atende ao conxunto das materias que o compoñen, atendendo que non se produzan solapamentos ou duplicidades. A comisión académica diseña e organiza o prácticum e o Traballo Fin de Máster onde o alumnado ten que integrar todas as competencias adquiridas, tal e como se garante no artigo primeiro do regulamento de TFM desta titulación:

1º.- O TFM en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un informe orixinal dun estudo ou investigación que reflectirá a aprendizaxe do conxunto ou unha parte das competencias que o alumnado debe adquirir no proceso de formación deste título.

A presentación e defensa do traballo fin de máster permitirá avaliar os logros alcanzados polos estudantes, os seus coñecementos e capacidades adquiridas nas distintas materias cursadas, a habilidade para integrar nun proxecto coherente os ámbitos característicos que ofrece a titulación, amosando destrezas profesionais e perspicacia intelectual.

A conclusión é que o grao de cumprimento deste criterio é **Suficiente (B)**, conforme os datos e evidencias documentais e contando coas circunstancias especiais nas que se desenvolveu o máster neste curso.

### BOAS PRÁCTICAS

As reunións de coordinación cos estudantes están incorporadas ao horario de clases. Nelas se analiza con periodicidade a marcha do máster. Reunións específicas cos alumnos para explicar as metas do prácticum e do TFM.

### PROPOSTAS DE MELLORA:

### BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

## 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### 4. Acceso e admisión de estudantes

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	----------	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Este criterio fai referencia aos sistemas de información previa á matrícula e de apoio e orientación posterior así como, requisitos de acceso e admisión e recoñecemento de créditos.

Consideramos que o cumprimento deste criterio é **Suficiente (B)** en base aos seguintes puntos

1º.- Información accesible desde varios puntos:

Páxina oficial do máster:

<http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&estudio=14244&codEstudio=11816&valor=9&orde=true&ano=63>

Páxina oficial de Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo)

<http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.html>

Páxina propia do máster

[www.masterdaen.es/](http://www.masterdaen.es/)

Desde a páxina oficial de títulos de máster da USC (<http://www.usc.es/gl/titulacions/pop>) e desde a páxina da Facultade de Formación do Profesorado (<http://www.usc.es/gl/centros/ffp/index.htm>) se chega tamén á páxina do máster DAEN.

2º.- Anuncios con carteis e trípticos, distribuídos en todos os centros universitarios de Galicia, e escolas/facultades de formación de profesorado en toda España, así como en outros centros universitarios

con titulados que puidesen estar interesados, tanto en papel y máis xeralmente en formato dixital, e houbo unha difusión en prensa como xa se estableceu no punto primeiro. No tríptico se especifican as condición de acceso, características do curso, obxectivos, programa, postos de traballo que se poden ocupar con este máster, e condicións de selección e matrícula.

3º.- Orientación personalizada por parte dos membros da Comisión Académica, mediante a conta de correos [master.daen@usc.es](mailto:master.daen@usc.es) No tríptico se informa aos aspirantes onde poden cumprimentar a matrícula <http://www.usc.es/gl/perfis/estudiantes/matricula/masteroficial.html> e os enderezos das Oficinas de Información Universitaria e teléfonos: Santiago: té 881 81 10 00, [oiusec@usc.es](mailto:oiusec@usc.es) ; Lugo: tf 982 82 00 00, [oiulugo@usc.es](mailto:oiulugo@usc.es) A selección dos alumnos se rexe polos procedementos xerais da USC, porén se recomenda aos candidatos certas habilidades sinaladas na información que atopan nos trípticos: “ter algunha experiencia en asociacionismo xuvenil, campismo, coñecemento da natureza, deportes de montaña, excursionismo, capacidade narrativa e de descrición de paisaxes, nocións de seguridade en actividades ao aire libre e coñecemento de idiomas”. Vid: <http://www.masterdaen.es/informacion.html>

A circunstancia de que no curso 2013-2014 non se cubriran as prazas non foi estrutural senón accidental, como xa está explicado tanto neste informe de seguimento como na memoria de modificación presentada á Secretaria Xeral de Universidades, e tendo nesta circunstancia un valor negativo conforme aos parámetros establecidos pola Xunta de Galicia.

Os alumnos do curso 2013-2014, presentan as seguintes características:

IN09M-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	7,41	10/10/2014
IN12M-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	53,57	10/10/2014
IN22M-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	100	10/10/2014

O máster aínda non acadou estudantes doutros países. No actual ano 2014 se firmaron convenios Erasmus coas universidades de Cumbria (Reino Unido) e Marburg (Alemaña) que permitirán nun futuro próximo establecer eses intercambios de alumnos e profesores. O máster necesita dar este paso para robustecer a súa presenza en Europa, e formar redes con outras universidades.

Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é **Suficiente (B)** conforme ás evidencias aportadas. Non se cubriron todas as prazas por unha circunstancia non prevista e inevitable, pero se forneceu institucionalmente ao máster para facer intercambios de profesores e alumnos con outras universidades europeas, dándolle moita máis visibilidade internacional.

#### BOAS PRÁCTICAS

Están firmados convenios de intercambio Erasmus coas universidades de Cumbria (Reino Unido) e Marburg (Alemaña) e por tanto esta titulación está en disposición de iniciar intercambios Erasmus con outras universidades a partir do curso 2014-2015. Esta acción recolle e amplía a mellora establecida no plan de seguimento do título reflectida na Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado de 2012-2013: *AM21. Establecer un programa Erasmus.*

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRIPCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

**3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

**5. Planificación das ensinanzas**

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Planificación da enseñanza” do Programa FIDES-AUDIT.

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

De acordo co previsto na Memoria de Verificación do *Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza* da USC, este criterio fai mención fundamentalmente a estrutura das ensinanzas, especialmente no que se refire a planificación, distribución e adecuación do Plan de Estudos previsto e das materias do mesmo. Considérase que a valoración xeral do grao de cumprimento do criterio *Planificación de ensinanzas* é **Satisfactorio (A)**.

Cabe sinalar en primeiro lugar, que neste máster teñen presenza 15 departamentos, e cada departamento aproba os programas do seu profesorado. A súa vez a comisión académica fai unha revisión coa finalidade de que ditos programas se axusten ás metas e competencias que están deseñadas na Memoria de Verificación do Título. Toda a información que xera o desenvolvemento da docencia pasa pola comisión académica, tanto a información que proporcionan os profesores persoalmente, como pola comprobación dos resultados acadados e os comentarios que fai a comisión de alumnos nomeada con esa finalidade: seguimento da docencia. A distribución horaria trata de darlle ao alumno días sen docencia expositiva e práctica para que poda facer traballo persoal de documentación, ordenación de datos, redacción de traballos e acudir a titorías.

A enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida acadaba no curso 2012-2013 unha media de 4,27, sendo o punto mais feble o referido á coordinación entre as distintas materias (3,40) e os mais fortes os aspectos relacionados co interese dos estudantes cara as materias impartidas e a relación creada nas clases e titorías (4,40). No curso 2013-2014, sabemos que a satisfacción global dos estudantes co desenvolvemento do máster é alta (3,65), e moi alta en referencia ao



desenvolvemento do prácticum (globalmente 4,67), que alcanza puntuacións moi superiores aos da media da USC.

<b>Código: P3281V01 Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza. Satisfacción do alumnado coas prácticas externas. 2014</b>	<b>Media título</b>	<b>Media global</b>
As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación	5	4,26
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comezalas	4,67	3,84
A duración das prácticas foi axeitada	5	2,99
As instalacións e medios materiais cos que contei na empresa/institución foron suficientes para a realización das prácticas	4,33	4,16
A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada	5	4,33
A información, orientación e atención prestada por parte o/a meu/miña titor/a académico da Universidade foi axeitada	5	3,76
En xeral, estou satisfeito/a coa práctica realizada	4,67	4,02

O prácticum acada tamén unha alta puntuación por parte dos titores (4 na puntuación do título, cando a media da USC é 3,86), destacando neste aspecto a boa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas que colaboran co máster (os titores do máster dan a este aspecto unha puntuación de 5, mentres a media da USC é de 3,83).

No curso 2013-2014 a satisfacción dos profesores é incluso lixeiramente máis alta que a de os estudantes (3,77), e algo máis alta que a do curso anterior (3,36), pero especialmente chama a atención que o aspecto máis feble do curso anterior, a coordinación entre as distintas materias, mellorara sensiblemente (3,91). A relación creada na clase e nas titorías cos estudantes é o ítem con máis alta puntuación da enquisa a profesores (4,25). Dende o punto de vista dos estudantes o grao de satisfacción é moi alto, especialmente na actitude receptiva dos profesores, e que conseguen facerlles ver a relevancia e interese da materia para a súa formación (3,75). Todos as puntuacións están por encima da media.

IN46M-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,65	10/10/2014
IN47M-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,77	10/10/2014

Os estudantes do máster tiveron a súa disposición unha ampla información tanto telemática como impresa, e as reunións periódicas para o seu desenvolvemento produciron unha áxil comunicación entre o profesorado e alumnado. O deseño do horario permitía flexibilidade para abordar o estudo, tratando de que ao longo de cada cuatrimestre houbera períodos nos que puideran desenvolver traballo persoal e recibir atención titorial. O grao de accesibilidade á información é satisfactorio, pois a información necesaria pode localizarse de forma precisa, tanto coas guías docentes como pola constante acción titorial. Ademais das páxinas establecidas, que inclúe a páxina propia do máster, case todos os profesores e profesoras deste máster utilizaron a plataforma virtual da USC, na que xunto as guías das materias os alumnos atopan outros documentos e instrumentos para fornecer o seu aprendizaxe.



O alumnado ten varias vías para facer chegar á comisión académica as súas demandas e suxestións. A primeira é a comunicación directa co coordinador, a segunda as reunións periódicas programadas e que ademais están visibles no horario docente, a terceira son as enquisas de satisfacción que fai todos os anos o Vicerreitorado de Responsabilidade Social e Calidade para coñecer a opinión dos estudantes das diferentes titulacións. Ademais neste máster se establece todos os anos una comisión de alumnos específica para informar e transmitir as súas percepcións ao coordinador. É tamén salientable que existe un representante dos estudantes na comisión académica con voz e voto desde a primeira promoción. E dicir, a comisión sempre contou coa presenza de representantes do alumnado que transmitiron e transmiten as opinións, problemas e inxerencias que xorden no desenvolvemento das actividades da titulación.

A valoración que merece o criterio de 'Planificación das ensinanzas' resulta **Satisfactoria (A)** en tanto que a docencia desenvolvida se adecúa perfectamente ós obxectivos e perfil do título; presentando unha estrutura modular e planificación do ensino que resultou coherente cos obxectivos do plano de estudos; tanto na programación global do ensino como na que se inclúe nos programas das materias específicas; e foi garante da adquisición das competencias xerais e específicas previstas. O horario de tarde, entre ás 16,30 e as 21,00 horas, e períodos sen docencia expositiva permitiron aos alumnos ter tempo para a preparación de traballos específicos, desenvolvemento de proxectos e recollida de datos de campo. Este é un máster cunha importante proxección práctica ao aire libre e necesita de frecuentes saídas a contornas naturais.

#### **BOAS PRÁCTICAS**

Cabe destacar a alta satisfacción dos estudantes co desenvolvemento do prácticum pola atención personalizada que recibiron por parte dos titores académicos.

En relación coa coordinación entre distintas materias é profesores, nótase unha mellora despois das recomendacións feitas neste sentido pola Comisión Académica en relación coa proposta de mellora *AM20. Definir estratexias de coordinación entre materias e de traballo en equipo do profesorado*, que se vai continuar no curso 2014-2015 con outras accións de formación entre o profesorado do máster para fornecer as habilidades do traballo colaborativo e interdisciplinar.

A Comisión Académica do máster se reuniu en nove ocasións para aprobar e examinar diversas cuestións relacionadas co desenvolvemento do máster (09/09/2013; 20/11/2013; 18/12/2013; 20/II/2014; 23/04/2014; 20/V/2014; 17/06/2014; 10/07/2014; 12/09/2014).

#### **PROPOSTAS DE MELLORA:**

Na memoria de modificación propónse a reformulación de dúas materias optativas nunha materia obrigatoria, *Linguaxe e expresión poética da natureza* e *A natureza na literatura*. Estas dúas materias refúndense nunha obrigatoria chamada *Literatura e natureza*. A razón fundamental para presentar esta reforma é que as dúas materias cumprían un mesmo obxectivo.

<b>FICHA MATERIA (Memoria de Modificación 23 de abril de 2014)</b>				
1.- Denominación de la materia y nº de créditos totales ECTS:	2.3.- <b>Literatura y naturaleza. Créditos ECTS: 3 créditos.</b>			
2.- Competencias que adquiere el estudiante al cursar la materia:	<p>-Competencias básicas y específicas: 2, 3, 8 y 9.</p> <p>- Capacidad para apreciar y valorar la naturaleza a través del discurso.</p> <p>- Capacidad para comprender textos relacionados con la naturaleza.</p> <p><b>Resultados del aprendizaje:</b></p> <p>1.- Ser capaz de realizar un estudio comparativo de textos literarios pertenecientes a diferentes sistemas culturales que se centren en aspectos relativos a la naturaleza.</p> <p>2.-Ser capaz de analizar las diferentes funciones que pueden tener los elementos naturales en los textos literarios.</p> <p>3-. Ser capaz de diseñar rutas literarias centradas en una figura autorial concreta.</p> <p>4.- Ser capaz de comparar cómo la literatura refleja la naturaleza y cómo la plasman otras manifestaciones artísticas, como el cine, la pintura o la música.</p>			
3. Breve descripción de contenidos de la materia.	A partir del análisis de una selección de textos literarios contemporáneos relacionados con la valoración, vivencia y expresión de la naturaleza se estudiarán: las diferentes representaciones y funciones de los elementos naturales en distintos sistemas literarios; los autores y autoras más representativos que, desde diferentes tradiciones culturales, han prestado especial atención a la naturaleza en sus textos; las materializaciones que las creaciones de ciertos escritores han tenido en espacios o rutas literarias. Ejemplificaciones de organización, diseño y desarrollo de actividades educativas en la naturaleza y al aire libre en el ámbito internacional.			
4. Actividades formativas con su contenido en créditos ECTS; su metodología de enseñanza-aprendizaje y su relación con competencias que debe adquirir el estudiante.	<b>TRABAJO PRESENCIAL</b>	<b>Horas</b>	<b>TRABAJO PRESENCIAL</b>	<b>Horas</b>
	Clase presencial en grupo completo	8	Estudio autónomo individual o en grupo	15
	Clases prácticas	10	Escritura de ejercicios, conclusiones o trabajos derivados de la materia	20
	Tutorías	7	Lecturas recomendadas y búsquedas bibliográficas	12
	Realización de ejercicios escritos o exámenes		Asistencia a actividades recomendadas, como charlas, presentaciones de trabajos, tesis doctorales, etc.	3
	Otras tareas con el profesor/a de la materia (especificar)		Otras tareas propuestas por el profesor/a de la materia (especificar):	
	<b>TOTAL: horas de trabajo presencial</b>	<b>25</b>	<b>TOTAL: horas de trabajo personal del alumnado</b>	<b>50</b>
	<p>- <b>Metodología de enseñanza-aprendizaje de las actividades formativas:</b> a partir de la selección de textos literarios (y de otras manifestaciones artísticas cuando sea preciso) relacionados con la naturaleza se desarrollará una metodología activa que favorezca la comprensión y la interpretación de textos desde un enfoque comparativo textual e interartístico.</p> <p>- <b>Relación de las actividades formativas con las competencias que debe adquirir el estudiante:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura intensiva y extensiva de textos para favorecer la valoración, comprensión e interpretación de textos literarios.</li> <li>• Estudio comparativo que atienda especialmente a aspectos relacionados con la temátología.</li> <li>• Análisis de una ruta literaria ya existente, que sirva como modelo para la formulación de una de nueva creación.</li> </ul>			
5. Sistema de evaluación de la adquisición de las competencias y sistema de calificaciones de acuerdo con legislación vigente.	<p>Se evaluará:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que el alumno sea capaz de realizar un estudio contrastivo/comparativo de textos literarios centrados en la naturaleza.</li> <li>• Que el alumno sepa distinguir las funciones de los textos relativos a la naturaleza.</li> <li>• Que el alumno sepa idear y diseñar una ruta literaria.</li> </ul>			

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

A xustificación desta modificación explícase na memoria presentada o 23 de abril de 2014, sendo a razón fundamental que cumprían un mesmo obxectivo

**3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

**6. Recursos humanos**

*Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

Satisfactoria	<b>A</b>	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------	---

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

De acordo co previsto na Memoria de Verificación do Título do *Máster en Dirección de Actividades Educativas na natureza da USC*, este criterio fai mención ao profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o Plano de Estudos proposto. Considérase que a valoración xeral do grao de cumprimento do criterio *Recursos Humanos* é **Satisfactorio (A)**.

Para xustificar dita consideración farase unha reflexión centrada fundamentalmente nos seguintes aspectos: valoración do grao de accesibilidade a información sobre este criterio; dificultade de coordinación dun equipo de profesores multidisciplinar e valoración do grao de cumprimento do criterio, especialmente no que se refire á adecuación do profesorado.

O profesorado é todo na súa integridade da USC, en xeral novo, e con moitas expectativas de vida laboral. Na súa composición no curso 2013-2014 había doutores e non doutores coa seguinte distribución conforme ás necesidades dun título de máster de carácter académico profesional.

IN24M-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	31,82	10/10/2014
IN26M-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	40,91	10/10/2014
IN31M-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	14,11	10/10/2014
IN32M-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	14,81	10/10/2014
IN19M-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,81	10/10/2014
IN21M-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,00	10/10/2014
IN48M-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	13,33	10/10/2014
IN25M-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	77,27	10/10/2014
IN30M-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	1,29	10/10/2014

No curso 2013-2014 deron clase no máster 22 profesores e profesoras de 18 áreas de coñecemento integrados en 15 departamentos diferentes dos que 17 era doutores e 5 non doutores. Todo o

profesorado é accesible mediante as páxinas web dos seus departamentos e a páxina propia do máster. A porcentaxe de estudantes por profesor foi óptima ao tratarse dun grupo reducido cunha ratio especialmente favorable. Como xa foi comentado no punto anterior a satisfacción dos estudantes co prácticum foi moi alta, máis incluso que a propia satisfacción dos titores académicos que tamén foi moi alta.

Compre engadir que, como en anos anteriores, o máster contou coa presenza de varios profesionais externos que engadiron unha formación moi valiosa aos estudantes, así como foron tamén invitados profesores doutras universidades como conferenciantes.

Esta lista de colaboradores no curso 2013-2014, foi a seguinte:

1.- *Basanta Camino, Silvia*. Exalumna do máster. Graduada en Educación Infantil e estudante de doutoramento da USC. Axudante para clases prácticas e excursións. O seu traballo foi especialmente relevante para ofrecerlles aos estudantes unha información específica sobre o fenómeno da colonización da Terra Chá.

2.- *Carral Maseda, Diego*. Exalumno do máster. Graduado en Educación Primaria e estudante de doutoramento da USC. Axudante para clases prácticas e excursións.

3.- *Fouce Rodríguez, Patricia*. Presidenta da Asociación Cultural Revolta. Deu unha conferencia sobre o labor das granxas escola e amosou as instalacións do Albergue Rural Garabullos en Sistallo. Ensinou aos estudantes do máster as calidades que debía ter unha ruta con nenos pequenos e coordinou a visita á Lagoa de Cospeito.

4.- *Gómez Varela, Joaquín*. Profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da Universidade de A Coruña. Especialista en deporte ao aire libre e natureza. Deu varias charlas sobre o deporte na montaña e no medio acuático, e colaborou nas actividades de salvamento e socorrismo.

5.- *Puga Villaverde, José Manuel*. Director da Granxa Escola Barreiros. Deu unha charla sobre a historia e usos deste equipamento de educación ambiental, dirixindo unha visita detida as súas instalacións.

6.- *Salmonte Rubín, Laura*. Universidade de A Coruña. Colaborou en actividades prácticas de aire libre en relación co medio acuático.

7.- *Vaquero Taboada, Arturo*. Ofreceulles información práctica de cómo recoller os sons da natureza e organizar as gravacións para facer composicións de música electroacústica.

### BOAS PRÁCTICAS

As excursións é un dos principais recursos que ten este máster. Se fan tanto a contornas naturais como a instalacións e institucións relacionadas coa natureza e a educación ambiental. O Albergue Rural Garabullos en Cospeito e a Granxa escola Barreiros en Sarria foron visitadas como en anos anteriores, e asemade se ten utilizado a Estación Científica que a USC ten en Seoane do Courel. Houbo tamén visitas a varios lugares da Reserva da Biosfera Terras do Miño con prácticas de campo interdisciplinares, así como aos Ancares que serviu para a formación en actividades de montaña. O Colexio O Cantel de Foz serviu como base para a realización de actividades na costa lucense. Estas actividades implicaron tamén colaboración de exalumnos e exalumnas do máster e o persoal educativo das institucións que foron visitadas.

O sistema de prácticas externas está ben asentado e ten unha alta aceptación por parte dos estudantes que poden elixir entre varias opcións. As institucións, empresas e organismos onde os estudantes poden facer prácticas é variado e cubre os intereses manifestados por cada un dos estudantes do máster. Na actualidade están asinados 32 convenios.

<b>Convenios asinados para a realización de prácticas externas dos estudantes do máster DAEN</b>				
<u>ENTIDADE</u>	<u>LOCALIDADE</u>	<u>RESPONSABLE LEGAL</u>	<u>DATA DE SINATURA</u>	<u>LUGAR DAS PRACTICAS</u>
Centro de Ext. Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA)	Oleiros	José María Barcia Pérez	16/09/2011	Castelo de Santa Cruz
Asociación Galega de Custodia do Territorio	Lugo	Roberto J. Hermida Lorenzo	27/03/2012	C.E.N. Casa das Insuas (Rábade)
Turismo Gallego Medioambiental	Silleda	José Taboada Cortizo	27/03/2012	Fervenza da Toxa
Breogán Ingeniería S.L.	Lugo	Rocío Vázquez López	27/03/2012	Breogán Ingeniería
Asociación Revolta Natural	Cospeito	Patricia Fouce Rodríguez	27/03/2012	Asociación Cospeito
COGAMI	Compostela	Anxo Antón Queiruga Vila	20/04/2012	C.R. D. Fingoi
Concello de Ribadeo	Ribadeo	Fernando Suárez Barcia	08/05/2012	Dependen. Medio Ambiente
Concello de Cervantes	Cervantes	Benigno Gómez Tadín	08/05/2012	Instalacións Municipais
Asociación Terras de Lugo	Orbazai	Álvaro Santos Ramos	10/05/2012	Sede Administrativa
Concello de Monforte de Lemos	Monforte	Severino Rodríguez Díaz	08/06/2012	Medioambiente
Fundación Francisco Giner de los Ríos	Madrid	José García-Velasco García	02/07/2012	Sede Fundación
Marcelle Natureza S.L.	Lugo	Loli Guitián Trabada	01/02/2013	Marcelle
ADEGA	Lugo	Virxinia Rodríguez Álvarez	01/02/2013	Lugo
Tesouros de Galicia	Mondariz	Javier Rodríguez-Losada Boedo	11/02/2013	Balneario Mondariz
AVIFAUNA	Lugo	Antonio Ibáñez Burgo	04/03/2013	Lugo
Granza Escola de Barreiros	Sarria	José Manuel Puga Villaverde	10/04/2013	Granza de Barreiros Sarria
Asociación Vagalume Enxebre	Lugo	Luis Alberto Lorenzana Díaz	10/04/2013	Lugo
Concello de A Fonsagrada	A Fonsagrada	Argelio Fernández Queipo	10/04/2013	A Fonsagrada
Concello de Quiroga	Quiroga (Lugo)	Julio Álvarez Núñez	10/04/2013	Concello de Quiroga
Concello de Xove	Xove	José Demetrio Salgueiro Rapa	10/04/2013	Concello de Xove
Asociación de Mulleres Rurais Fraga das Saímas	Viveiro	Flor Chao Requeijo	12/04/2013	Santo André de Boimente Fraga das Saímas
Concello de Pantón	Ferreira de Pantón	José Luis Álvarez Blanco	12/04/2013	Pantón
Concello de Guntín	Guntín	Jesús Carreira Ferreiro	12/04/2013	Guntín
Concello de Guitiriz	Guitiriz	Xosé María Teixido Núñez	12/04/2013	Guitiriz
Club Fluvial de Lugo	Lugo	Eduardo Núñez Torrón	15/04/2013	Club Fluvial Lugo
Concello de O Vicedo	O Vicedo	José Jesús Novo Martínez	19/04/2013	Concello de O Vicedo
Terranova	A Coruña	Alberto Monteagudo Rúa	25/04/2013	A Coruña
Concello de Cervo	Cervo (Lugo)	Alfonso Villares Bermúdez	03/04/2014	Cervo
MIRCROMINA	Mondoñedo (Lugo)	Antonio Rodríguez Arenas	03/04/2014	Mondoñedo
CANTUR S.A.	Cantabria	Julio Muela Carriles	10/04/2014	Cabárceno
Concello de Arzúa	Arzúa (A Coruña)	José Luis García López	26/06/2014	Arzúa

Todos estes convenios están activos e foron utilizados na formación dos estudantes que nalgúns casos atoparon emprego nas empresas nas que fixeron o prácticum. O máster garante a realización

de prácticas externas a todos os estudantes que o cursan.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 7. Recursos materiais e servizos

Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

De acordo co previsto na Memoria de Verificación do Título do Máster *en Dirección de Actividades Educativas na Natureza* da USC, este criterio fai mención a dispoñibilidade e adecuación de recursos materiais e de servizos, así como a previsión de adquisición de recursos. Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é **Satisfactorio (A)**, tendo en conta a seguinte reflexión que se presenta sobre tres cuestións que avalarían e xustificarían dita valoración:

1.- Dispoñibilidade de instalacións tanto da USC no Campus de Lugo, como doutras institucións ás que se desprazaron os alumnos para a realización de actividades docentes ou prácticas de campo. Os alumnos tiveron sesións teórico-prácticas na Estación Científica da USC en Seoane do Courel, Facultade de Ciencias do Deporte da Coruña (instalacións acuáticas principalmente), Granxa Escola Garabullos (Sistallo), Granxa Escola Barreiros (Sarria), Colexio Público o Cantel de Foz que se usou como base para realización de actividades de formación en zonas de costa e praia que incluían salvamento e socorrismo, así como outras instalacións que redundaron na seu mellor coñecemento da realidade profesional.

2.- O máster contou con financiamento adicional para os seus desprazamentos, elaboración de materiais didácticos e traballos dos estudantes, e traslados e viaxes de conferenciantes invitados.

3.- O máster conta con convenios suficientes con empresas e institucións para as prácticas externas dos estudantes.

#### BOAS PRÁCTICAS:

A USC firmou un convenio de colaboración coa Deputación de Lugo para o desenvolvemento dos títulos e queda garantida para os vindeiros anos un financiamento suficiente que continúa os beneficios obtidos cos contratos acadados en 2011-2012 e 2012-2013 para o desenvolvemento do máster. Asemade se estableceu un convenio específico entre a Deputación e o máster que permitiu realizar actividades en contornas naturais e pedir o concurso e participación de profesionais



externos, así como permitirá editar un novo CD cos traballos e actividades do máster. Os recursos para estas actividades se complementan, como todos os anos, coa solicitude que para prácticas de campo solicitan os profesores e coordinador do máster á convocatoria que para este fin fai a USC.

O máster mantén un acordo co Concello de Lugo para traslado de alumnos e uso de dependencias dentro do seu municipio, así como para a celebración do Día da Arbore que neste curso celebrouse o 6 de marzo cunha plantación no parque do río Miño.

Compre tamén salientar o aumento de fontes bibliográficas en relación co máster na Facultade de Formación do Profesorado, con adquisición de libros e documentos en lingua inglesa que proceden de outros países europeos e americanos, e que non constan en ningunha outra biblioteca universitaria española.

#### PROPOSTAS DE MELLORA:

#### BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 8. Resultados previstos

*Valorarase o criterio de “Resultados previstos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos e “Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos” do Programa FIDES-AUDIT.*

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Conforme os primeiros resultados este criterio resulta **Suficiente (B)**. Os resultados se comparan cos indicadores xerais dos títulos da USC. O máster DAEN amosa un desvío na taxa de graduación que é bastante común nos estudos de máster por mor da data de defensa do TFM, que a súa vez fai subir a taxa de duración media dos estudos. Na maioría dos casos a taxa de abandono se xustifica por esta razón, xa que en realidade case todos os estudantes terminan lendo o TFM, con moita frecuencia no curso seguinte.

	Indicador	Valor	Media
IN34M-S01-PM-01	Taxa de rendemento	88,07	89,56
IN35M-S01-PM-01	Taxa de éxito	100	99,20
IN36M-S01-PM-01	Taxa de avaliación	88,07	89,35
IN37M-S01-PM-01	Taxa de graduación	57,14	73,72
IN38M-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,73	1,41
IN39M-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	92,83	95,89
IN41M-S01-PM-01	Taxa de abandono	25	14,07
IN09M-PC-05	Porcentaxe	8,94	7,41
IN09M-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	8,94	7,41

É conveniente tamén salientar que na situación actual aínda non se captaron alumnos estranxeiros,

pero que para a súa continuidade o máster dispón nestes momentos de convenios Erasmus coas Universidades de Marburg e Cumbria de xeito específico, e que os seus alumnos poden, a súa vez, participar en programas de intercambio xerais establecidos na Facultade de Formación do Profesorado coa universidade de Rennes, e universidades de Austria e Finlandia. Asemade tamén poden participar nos programas con Finlandia, Austria e Francia, países cos que a Facultade Formación do Profesorado mantén intercambio de alumnos con programas Erasmus. Todos estes programas permiten o intercambio de estudantes.

**BOAS PRÁCTICAS**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

**3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

**9. Sistema de garantía da calidade**

*Valorarase o criterio de “Sistema de garantía de calidade” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------	---

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O sistema de garantía da calidade aplicable ao Título de máster *Dirección de Actividades Educativas na Natureza*, sigue as liñas xerais marcadas polo Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Universidade de Santiago de Compostela. Se entende por Sistema de Garantía de Calidade ao conxunto de procedementos necesarios para implantar unha Xestión de Calidade, partindo dunha estrutura organizativa e recursos determinados. A xestión de calidade implica a existencia dun conxunto de normas, que están relacionadas entre si, tendentes á optimización dos procesos. No caso deste máster esas normas se articulan cunha estrutura organizativa, a comisión académica, que examina as cuestións relacionadas co seu desenvolvemento e aproba as reformas pertinentes cara a ese proceso de optimización. A comisión académica remite información á comisión de calidade da Facultade de Formación do Profesorado.



A comisión de calidade da Facultade de Formación do Profesorado se atopa en <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/organos.html> O manual do SGIC da Facultade de Formación do Profesorado se atopa en <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/sgic.html> Nesa dirección atópanse ademais os informes de seguimento e a Memoria de Calidade da Facultade con referencia as accións de mellora dos títulos. Se quere destacar que conforme a Memoria de Verificación este título ten un conxunto de peculiaridades que se queren poñer en valor:

*-É un título no que os alumnos deben aprender a importancia de traballar en equipo e exercer esta competencia na súa vida profesional.*

*- É un título que recolle un conxunto de prácticas de formación que están presentes en moitas universidades do mundo, pero non en España.*

*- É un título que posúe capacidade de formación teórico-filosófica, con fundamentos pedagóxicos, éticos e históricos, pero ao mesmo tempo, práctica.*

*- É un título que reúne na formación dos seus alumnos as esferas da educación ambiental, a educación ao aire libre, o descubrimento da paisaxe, o coñecemento xeográfico e natural, o deporte de montaña e o excursionismo, e a relación da arte e a natureza.*

*- É un título que establece unha relación entre arte e a natureza, abrindo un ámbito de estudo e formación que non ten similitudes con outros os títulos que foron analizados, e constitúe un elemento innovador neste tipo de estudos regrados.*

O máster ofrece unha formación holística arredor das potencialidades educativas da natureza e capacita aos estudantes para a comprensión dos procesos educativos que xera, fornecendo competencias sobre xestión, liderado e capacidade de emprendemento e iniciación á investigación científica específica neste ámbito. A definición de calidade, tal e como é aplicada pola Organización Internacional de Normalización (ISO) referida á educación superior se entende como “especificar obxectivos de aprendizaxe que paga a pena e permitirlle aos estudantes que os acaden”. Conforme sinalan Sanyal y Martin (2007), isto supón artellar estándares académicos que cumpran a) as expectativas da sociedade b) as aspiracións dos estudantes c) as demandas do goberno, as empresas e a industria d) as demandas das institucións profesionais. Aínda que se constata a forza do título, e tal e como indica a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia no seu escrito de 8 de outubro de 2014 en relación con este máster, é necesario xustificar máis adecuadamente a adaptación ao entorno socioeconómico e establecer protocolos de colaboración coas institucións, empresas, e asociacións interesadas no título, que coa súa práctica profesional retroalimentan as necesidades formativas dos estudantes e permiten investigar alternativas e novos campos de actuación, descubrindo xacementos de emprego.

Conforme a reflexión feita pola Comisión Académica na memoria de modificación, este título responde plenamente ás demandas formuladas no artigo 4 do Decreto 222/2011 por el que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e entre as fortzas se destacaba que o máster ten mecanismos de revisión e actualización que se están a usar: está participando en reunións científicas e redes internacionais que permiten manter un coñecemento actualizado do corpus científico en relación á titulación e as novidades organizativas destes propios títulos noutros países e o seu impacto na formación. Tamén nesa memoria se amosa que o máster conta co apoio de empresas da súa contorna socioeconómica no seu ámbito e ten

garantidas as prácticas do seu alumnado e da paso ao doutoramento de educación da USC. As taxas de retención e éxito académico dos estudantes son aceptables, os estudantes participan activamente no entorno académico e está garantido un apoio académico y persoal apropiado con recursos suficientes os programas responden a misión que ten o máster conforme se reflicte na súa Memoria de Verificación: formar educadores e educadoras con competencias na xestión e dirección de actividades na natureza tanto desde o ámbito formal como non formal, engadíndose que “definir cales son as principais funcións e responsabilidades dos educadores nos lugares de aprendizaxe, como funciona o liderado educativo na educación formal e non formal en relación a grupos que se moven en contornas de natureza, cales son as súas funcións como axentes de cambio, como se relacionan coa cultura da organización, a súa iniciativa e capacidade de traballar en equipo, as súas calidades como xerentes e coidado no deseño e seguridade de actividades, son elementos que se quixeron subliñar neste máster”.

Na memoria de modificación faise unha referencia explícita á prospectiva de emprego e se insiste en que “atende a un ámbito de formación e profesionalización do que unha sociedade desenvolvida necesita”, afirmando que “o aire libre e o medio ambiente natural é unha das cuncas emerxentes de emprego máis importantes nos países avanzados”, baseándose en varios informes tanto da comunidade autónoma galega, como do goberno de España e organismos internacionais, que xustifican a oportunidade do título, destacándose finalmente a súa singularidade dentro do mapa de titulacións de Galicia e a súa oportunidade dentro do Campus de Lugo.

Dentro do SGIC está documentado o proceso de *Revisión da eficacia e mellora do Título* cuxo obxecto é establecer a sistemática para revisar e mellorar a planificación e desenvolvemento dos títulos, coa finalidade de garantir non só o cumprimento dos obxectivos establecidos nos seus programas formativos senón a actualización dos mesmos para lograr o cumprimento das expectativas e necesidades, actuais e futuras. De acordo ao recollido no citado documento a Facultade de Formación de Profesorado e a comisión do título desenvolveron un seguimento sistemático dos programas e actividades do máster, polo que o cumprimento deste criterio considérase **Satisfactorio (A)**.

#### **BOAS PRÁCTICAS**

**Acordo do profesorado do segundo cuadrimestre, en relación cos estudantes do máster que teñan unha situación laboral que lles impide vir a actividades teórico-prácticas programadas, e que dita situación se producirá con posterioridade á matrícula e inicio das actividades docentes.**

1º.- Os alumnos e alumnas presentarán unha copia do contrato de traballo que acredite que se atopan en dita situación.

2º.- Os alumnos e alumnas someteranse a acción titorial do profesor ou profesora da materia que lle indicará os traballos adicionais que ten que facer para acadar a suficiencia.

3º.- En ningún caso estes estudantes poderán acadar a nota máxima pois non será posible comprobar a adquisición de todas as competencias, especialmente aquelas que só en sesións prácticas se amosan.

4º.- O estudantes nesta situación adquiren o compromiso de asistir a todas aquelas sesións teórico-prácticas que poidan conforme as disponibilidades do seu horario laboral.

5º.- Os estudantes nesta situación seguirán vinculados ao seu equipo de traballo e manterán o compromiso de realizar as tarefas que teñan encomendadas, traballando en rede cando non sexa posible a súa presenza física.

Lugo, 12 de marzo de 2014

### **Acordo da Comisión Académica do 20 de maio de 2014 sobre o documento de “Proposta de Traballo Fin de Máster”**

As propostas de Traballo Fin de Máster que presenten os alumnos, terán que vir cubertas dixitalmente e impresas, non a mao, e se terán en conta as seguintes indicacións:

1º.- Os obxectivos deben estar explicados e amosar que son factibles, non so enunciados xenericamente.

2º.- O resumen do traballo terá arredor de 500 palabras e nese texto terán que facerse explícitas as preguntas ou hipóteses iniciais coas que se aborda o estudo, un esbozo da fundamentación teórica e amosar con brevidade o estado da cuestión.

3º.- A bibliografía básica constará cando menos de cinco referencias sobre o tema a desenvolver. Lémbrese ademais que a aplicación de actas da USC non admite títulos con máis de 255 caracteres, e que é preciso presentar o título nos tres idiomas: galego, castelán e inglés.

### **Edición de Traballos Fin de Máster e derivacións na investigación formativa**

Un número importante de Traballos Fin de Máster foron editados ben polo propio máster ou foron acollidos en publicacións científicas. O máster editou o disco “Una aproximación as traballos docentes e de investigación en relación coas reservas da biosfera Terras do Miño, Os Ancares Lucenses, Montes de Navia, Cervantes e Becerreá (2011-2013)”, Lugo (DL: LU 138-2013) no que se recollen traballos científicos de profesores, traballos de clase de estudantes e Traballos Fin de Máster, así como un extenso álbum fotográfico das súas actividades. Participan con traballos os estudantes do máster Adrián Arias, Luisa Trabado, Asunción Bermúdez, Sandra García, Sofía Ron, Yolanda Vázquez, Lorena Rodríguez, Flor María Pérez, Sandra Barral, Silvia Basanta e Abraham Felpeto. Ademais, algúns destes traballos derivaron en comunicacións científicas que foron presentadas no *IX Congreso Nacional de Ciencias del Deporte y la Educación Física* (Pontevedra 9-11 de maio de 2013), así como no *10h International Congress on Sport Sciences and Physical Education*. (Pontevedra 8-10 de marzo de 2014) e no *IV Congreso Mundial del Deporte en Edad Escolar* (Coruña, novembro de 2014). Por outra parte, outros dos estudantes, Laura Díaz Barrero e Eloy Cabado Lombán, publicaron o seu TFM na revista *Ambientalmente Sustentable* (V. en <http://www.ambientalmente.es/index.php/RAS/issue/view/11/showToc>). Asemade Silvia Basanta, xunto cos seus titores no máster publicou un artigo derivado do seu TFM na *Revista de Investigación en Educación* Nº 11, Vol 2 (2013) 140-157 da universidade de Vigo. Outros traballos dos estudantes se atopan na mesma páxina virtual do máster (V. en <http://www.masterdaen.es/recursos.html>) como é o caso dos estudos nos que colaboran Abraham Felpeto, Silvia Basanta, Diego Carral, Sandra García Mel, Iria Castedo, e Marta Álvarez. Ademais houbo tamén unha edición de un disco de música no que colaboraron os alumnos do máster “Sons das Terras do Miño”, feito polo Grupo de creación sonora

da USC, baseándose no traballo de campo feito polo máster (DL: LU 133-2013)

**Actividades de investigación científica no contexto do máster**

O grupo de investigación GI2124 Edunartex integrouse na rede RINEF-CISOC (Rede de Grupos de Investigación en Educación e Formación para a Cidadanía e Sociedade do Coñecemento). Os integrantes deste grupo son todos profesores do máster.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**

**3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO**

**10. Calendario de implantación**

*Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

Satisfactoria	A	Suficiente	<b>B</b>	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias	D
---------------	---	------------	----------	--------------	---	------------------------	---

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Con respecto o calendario de implantación do título, a Memoria de Verificación establece unicamente o seguinte:

*Este curso de máster tiene previsto su inicio en el curso 2010-2011.*

*La inscripción y el desarrollo de las actividades académicas se adaptarán a lo dispuesto en el calendario general de la USC.*

O máster non empezou no curso 2010-2011 por decisión da súa comisión académica que preferiu a que o profesorado tivera tempo de preparar con garantía os seus programas de estudo, e a que se establecesen todos os convenios de prácticas que garantiran a colocación de os alumnos e alumnas en organismos e institucións de contrastada eficacia para a súa formación. Asemade permitiu dar tempo para obter o financiamento adicional e resolver os importantes retos que tiñan as súas actividades prácticas. Asemade no curso 2010-2011, empezaban o seu primeiro curso na Facultade de Formación do Profesorado os graos de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria, o que complicaba a propia organización docente da Facultade e diminuíu a importancia do mesmo acontecemento da súa instauración como estudo de posgrao.

Actualmente o máster está en proceso de revisión tendo presentado unha memoria de modificación o 23 de abril de 2014. Nesta memoria se xustifica a importancia do máster coas seguintes razóns:

1º.- É orixinal, nin copia nin imitación doutros que puidesen estarse impartindo noutras universidades ou centros de investigación. É produto de longa reflexión científica, ética e didáctica, e no que se contou para o seu deseño con achegas, novas e ricas, de áreas de coñecemento moi diferentes, pero nas que existe especial sensibilidade e apertura a este campo de coñecemento.

2º.- Atende a unha necesidade de formación real e importante, que afecta á consecución dunha mellor calidade de vida no mundo actual; que cada vez xera máis postos de traballo e move un monto económico voluminoso.

3º.- Ofrece unha formación intelectual polivalente, non só técnica e instrumental, o que permite unha maior versatilidade aos egresados para atopar unha colocación profesional valiosa. A diversidade de contidos é unha das maiores fortalezas que ten o máster en relación con outros estudos de máster similares. Hai un fío condutor claramente establecido que dá coherencia á formación de especialistas en dirección de actividades educativas na natureza, porque proporciona unha formación integral conforme aos obxectivos que persegue este máster. Trátase de formar directores de equipos e responsables de institucións que teñan unha formación ampla e multidisciplinar, que inclúe todos os elementos presentes nunha actividade educativa destas características, que sen desatender os aspectos técnicos incida de maneira especial nos elementos práticos e axiolóxicos.

4º.- É factible. Deseñado para que sexa viable e duradeiro. Non só porque non precisa contratación de profesorado específico, e a súa continuidade non depende do profesorado invitado, senón porque a FFP de Lugo está situada nunha contorna privilexiada para atender aos requirimentos prácticos que se derivan da formación teórica. É tamén un curso que reúne, e potencia por tanto, liñas de investigación presentes en distintos centros da USC que desde perspectivas diversas abordan os contidos explícitos do curso e contribuíron coas súas investigacións e produción científica a reunir o rico caudal de formación que proporcionará aos alumnos.

Esta argumentación se fornece con un conxunto de datos sobre a existencia de títulos similares noutros países de Europa, especialmente nas universidades de Edimburgo (Escocia), Linköping (Suecia), Cumbria (Reino Unido) e Marburg (Alemaña).

Por orde da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, este máster non se pode ofertar para o curso 2014-2015 por non acadar o número mínimo de estudantes que establece o Decreto 222/2011 no curso 2013-2014, tendo que ser revisado no seu planeamento e deseño conforme a Resolución do 27 de novembro de 2013. A Comisión Académica remitiu unha memoria de modificación o 23 de abril de 2014, que foi informada desfavorablemente por escrito asinado polo Secretario Xeral de Universidades de 8 de outubro de 2014. Este escrito foi respondido polo Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa da USC con data 23 de outubro de 2014 no que solicita á Secretaria Xeral que modifique ese informe previo “e continuar coa tramitación de solicitude de modificación do título e o seu envío a Verificación de acordo coa normativa”.

A Comisión Académica do Máster está avaliando actualmente as observacións feitas en dito escrito para optimizar os procesos conforme ás esixencias do Decreto 222/2011 do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais universitarias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia. A valoración que se fai deste criterio é **Suficiente (B)**.

**BOAS PRÁCTICAS**

Elaboración da memoria de modificación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS:**



**4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO**

**INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN**

Recomendacións establecidas no Informe provisional de seguimento 2012-2013 (11 de xuño de 2014)	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p><i>Criterio 1: Información Pública</i> Revisar o apartado referente aos idiomas empregados na titulación, xa que na web do centro indícase que os idiomas son o galego, castelán e o francés, mentres que na memoria non se especifica o uso deste último, polo que se debería quitar da web o francés como idioma empregado no Máster.</p>	<p>- Retirada da web do centro o francés como idioma de uso no máster. - Incluído na web do centro o nome do responsable do título. Xa figura en dita web o nome do coordinador. <a href="http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9">http://www.usc.es/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14243&amp;estudio=14244&amp;codEstudio=11816&amp;valor=9</a></p>
<p><i>Criterio 2: Xustificación</i> Recoméndase a internacionalización do título incrementando a súa visibilidade con presenza en foros internacionais e mediante a firma de convenios de cooperación con títulos similares.</p>	<p>Adscrición de profesores do máster a rede europea EOE (European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning) con sede na Universidade de Marburg (Alemaña). Presentación do máster no 8th European Forest Pedagogics Congress (Bilbao 23-25 de outubro 2013) por parte do coordinador, Pr. Dr. Eugenio Otero Urtaza. Presentación do máster na International Conference Outdoor Education celebrada en Laugar í Sælingsdal (Islandia) entre o 3 e o 7 de setembro polos profesores Dr. D. Vicente Blanco Mosquera, D. Salvador Cidrás Robles e o alumno do doutoramento en educación da USC, D. Diego Carral Maseda. Asinados convenios Erasmus coas Universidades de Cumbria (Reino Unido) e Marburg (Alemaña) para intercambio de alumnos e profesores, coa finalidade de acadar máis adiante un acordo de Erasmus+.</p>
<p><i>Criterio 5: Planificación das ensinanzas</i> Conveniencia da estrutura formativa á luz da experiencia da súa implantación, distorsións observadas, solapamentos de contidos, incoherencias en procedementos de avaliación, desenvolvemento do Traballo Fin de Máster e das prácticas externas. É importante coñecer os mecanismos de coordinación docente postos en marcha e a súa eficacia, así como a presenza da voz dos estudantes nas instancias de coordinación</p>	<p>Reconversión de dúas materias optativas nunha sola obrigatoria, por entender que reincidían nun mesmo obxectivo. (memoria de modificación) A comisión académica contou desde o principio con representante dos estudantes. No período docente se fai unha reunión quincenal de coordinación cos estudantes Se tomaron medidas para mellorar o desenvolvemento do Traballo Fin de Máster (Reflicítese neste informe). Como norma xeral os profesores do máster dan a coñecer súas liñas principais de investigación a principios de curso, e os estudantes elixen tutor antes de Nadal a efectos do desenvolvemento de traballo. Se estableceu un protocolo para a presentación dos proxectos de TFM Cada módulo do máster conta cun coordinador ou coordinadora</p>

**INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS**

Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)

**INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS**

Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)

--	--

## 5. PLAN DE MELLORAS

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	<i>Realización de novas consultas con asociacións e institucións interesadas no título e recoller información actualizada do seu interese (Criterio 2)</i>
	Orixe	Orixe acción	Recomendación da ACSUG
		Descrición orixe	Necesidade de detectar novas necesidades ou lagoas na formación dos estudantes
	Definición	Análise causa	Falta de información actualizada de egresados e empregadores
		Definición/descrición proposta	Efectuar unha consulta a persoal de institucións, empresas, organizacións ou asociacións que realicen actividade educadora no medio natural
		Data prevista de finalización	Setembro de 2015
		Data inicio	Febreiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Eugenio Otero Urtaza	
	Outros responsables da implantación	Rubén Navarro Patón Agustín Merino García	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa	Elaboración de enquisa e protocolo de entrevista	
	Data prevista de finalización	Marzo de 2015	
	Persoa responsable	Rubén Navarro Patón	
	Usuario responsable	Diego Carral Maseda Silvia Basanta Camiño	
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa	Aplicación da enquisa e entrevistas	
	Data prevista de finalización	Xullo de 2015	
	Persoa responsable	Rubén Navarro Patón	
	Usuario responsable	Diego Carral Maseda Silvia Basanta Camiño	
Finalización	Estado		
	Data estado	Outubro de 2015	
	Comprobación		
	Data comprobación		

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.



ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	<i>Realizar unha análise en profundidade do sistema de avaliación de obxectivos e competencias, explicitar indicadores de logro e establecer procedementos de recollida de información dirixidos aos colectivos que poidan valorar a adquisición real das competencias do título, por exemplo, egresados e empregadores. (Criterio 3)</i>
	Orixe	Orixe acción	Recomendación da ACSUG
		Descrición orixe	Facer unha avaliación do cumprimento de obxectivos e obtención de competencias. Explicitar algúns indicadores de logro. Recollida de información entre empregados e empregadores
	Definición	Análise causa	Falta de información actualizada
		Definición/descrición proposta	Efectuar unha consulta
		Data prevista de finalización	Setembro de 2015
		Data inicio	Febreiro de 2015
Responsables	Usuario responsable da implantación	Eugenio Otero Urtaza	
	Outros responsables da implantación	Agustin Merino García Beatriz Fernández Herrero	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa	Elaboración de protocolos para recoller información	
	Data prevista de finalización	Marzo de 2015	
	Persoa responsable	Manuel A. Rodríguez Gutiérrez	
	Usuario responsable	Paloma Blanco Anaya Ramón Díaz Varela Montserrat Pena Presas	
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa	Traballo de campo	
	Data prevista de finalización	Outubro 2015	
	Persoa responsable	Ramón Díaz Varela	
	Usuario responsable	Diego Carral Maseda Silvia Basanta Camiño	
Finalización	Estado		
	Data estado	Outubro de 2015	
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	
		Tipo	<i>Creación dunha Comisión externa de Seguimento composta por profesores do máster, egresados e representantes do mundo empresarial ou asociativo con interese no título</i>
	Orixe	Orixe acción	<b>Decisión da Comisión Académica</b>
		Descrición orixe	<b>Ter unha maior relación co entorno socioeconómico do máster</b>
	Definición	Análise causa	<b>Necesidade de ter unha información actualizada das necesidades formativas dos profesionais</b>
		Definición/descrición proposta	<b>Crear unha comisión estable consultiva externa que permita fornecer o título co seu entorno socioeconómico e poder permitir</b>
		Data prevista de finalización	indefinida
	Data inicio	Marzo de 2015	
Responsables	Usuario responsable da implantación	Eugenio Otero Urtaza	
	Outros responsables da implantación	Isabel Fernandez Agustín Merino	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa	Constitución da Comisión	
	Data prevista de finalización	30 de marzo de 2015	
	Persoa responsable	Eugenio Otero Urtaza	
	Usuario responsable	Eugenio Otero Urtaza	
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación	30 de xuño de 2015	
	Data comprobación		